

a memoria das mulleres

Este texto foi publicado o 23 de agosto de 2016, coincidindo co 80 aniversario do asasinato, aos 35 anos, do canteiro e sindicalista pontevedrés Aurelio Torres Lorenzo, na súa memoria e na da súa viúva, Isolina Villaverde Cendón.

Fotografías:

As imaxes foron doadas do arquivo familiar por M^a do Carme e Pilar Lores Torres.

- ① Isolina Villaverde e Aurelio Torres.
- ② Isolina na leira, lugar onde á forza de traballo intentou enterrar a carraxe e a mágoa.
- ③ Co seu fillo Aurelio, a súa cuñada Herminia Torres e a neta, Pilar Lores, na voda de Aurelio. (Marcón 1961).
- ④ Isolina coa súa filla Lola en 1951.
- ⑤ Traballando na elaboración dun palleiro, un dos moitos labores da tarefa cotiá.
- ⑥ Isolina na súa casa.
- ⑦ Cos seus netos: Pilar, M^a do Carme, Mercedes e Marco.
- ⑧ Co seu fillo Paco en Caracas (1970). Isolina fixo esa viaxe en solitario.
- ⑨ Isolina con parte da súa familia celebrando un xantar en Vilarchán (Ponte Caldelas).
- ⑩ As catro xeracións da familia Torres Villaverde xuntas en Nova Iorque (1982): Pilar Torres (neta); Francisco Torres (fillo); Frank Vigorito (bisneto) e Isolina.
- ⑪ Isolina coa súa neta M^a do Carme.

Foto de Portada: Isolina Villaverde nun momento de descanso do traballo na leira.

Este texto foi redactado por Montse Fajardo, do equipo do programa *A memoria das mulleres* da Cancellaría de Patrimonio Histórico de Pontevedra, en base a unha entrevista realizada a María do Carme Lores Torres, neta de Isolina Villaverde Cendón, e aos datos facilitados por Xosé Álvarez Castro e Carlos Morgade.



CONCELLO DE
PONTEVEDRA
Cancellaría de Patrimonio Histórico



A Memoria das **MULLERES**

Isolina Villaverde Cendón

(Mourente 1903-1990)



Isolina Villaverde Cendón

(Mourente 1903-1990)

O 23 de agosto de 1936, a curva de Bora amenceu tinxida co sangue do canteiro pontevedrés Aurelio Torres Lorenzo, sindicalista profundamente anticlerical. Apenas un mes despois do golpe militar, o seu cadáver mutilado, cos xenitais cortados metidos na boca, foi exposto para escarmento de calquera que pensase en non calar. **Pero non foi a súa vida a única que quedou naquela curva. Tamén morreu aí a que terían que ter vivido a súa muller, Isolina Villaverde Cendón, e os tres fillos, Francisco, Aurelio e Lola,** que tiñan sete, seis e tres anos.

Aurelio, membro da CNT que participara en varios mitins da Fronte Popular e na requisa de armas levada a cabo tras o golpe, tiña previsto disfrazarse de cura e coller un barco rumbo a América ao día seguinte, pero **foi delatado e apresárono nunha casa preto da dos seus pais. Unha veciña escoitou como lles pedía a berros, mentres o levaban, que mirasen polas súas**

criaturas, pero ela non se atreveu a facer nada e os seus pais nin sequera escoitaron a chamada. Á mañá seguinte, o cadáver de Aurelio apareceu en Carabelos, na estrada de Bora. **Isolina pensou que toleaba. Foi vivir para a casa dos seus sogros, Ricardo Torres e Josefa Lorenzo, e intentou enterrar a carraxe e a mágoa no traballo da terra.** Como a tantas outras mulleres, o terror deixáraa ademais de sen o seu compañeiro, sen o principal sustento do fogar, pero prometeu que a súa familia nunca ía pasar fame e cumpriu a promesa.

Polo día traballaba a terra e pola noite aproveitaba a luz do luar para remendar sen ter que gastarlle nin sequera unha vela aos sogros. Rematada a guerra volveu á casa que mercara co seu home pero cando os fillos varóns foron maiores e marcharon, volveu cos sogros, tan persistente fora o medo que os fascistas deixaran nela naquel verán do 36. **Os rexistros no fogar foran continuos. Primeiro buscando a Aurelio, e despois de asasinado brutalmente, buscando papeis e levándoo todo: xoias, libros, cartos...** Nun dos primeiros rexistros, o maior dos nenos, Francisco, que só tiña oito anos, enfrontouse aos fascistas para defender a súa nai. Deu un

paso á fronte e díxolles “o meu pai non está” e levou no peito un golpe tan forte coa culata do fusil que caeu de costas e quedoulle a marca da arma na pel. **Quitáronlles todo canto tiñan na casa e cando lle quitaron tamén ao home, Isolina devolveu co arado os golpes nas leiras herdadas da súa nai,** que lle deron qué comer e tamén froitos que vender para sacar algúns cartos. Cando a súa filla xa era moza, ían as dúas a Cotobade buscar queixo de tetilla para vender en Pontevedra, andaban vinte quilómetros de ida e vinte de volta coa cesta na cabeza, e Isolina mesmo andou ao estraperlo, mais as leiras sempre foron o seu principal sustento.

Aquelas leiras estaban moi pretiño do camposanto e **adoitábase ver o seu legón apoiado na porta, cando á ida ou á volta do traballo paraba a falar con Aurelio.** Sepultaran o seu corpo nunha tumba de terra, sen lápida nin nome. Aínda que el era ateo, Isolina non, e **cando o mataron quixo entrar co cadaleito na igrexa para ofrecerlle un responso, mais o cura de Mourente non o permitiu.** Nin sequera quería deixar sepultalo no cemiterio pero o seu sogro tiña un nicho na parte civil e non puido impedir que fose enterrado aí. Nese intre **Isolina dixo**

que se a igrexa non era boa para o cadáver mutilado do seu home tampouco o era para ela e nunca máis, nos anos que lle quedaron de vida, a volveu pisar. Non foi ao obrigado bautizo da filla pequena, nin á voda dos fillos, nin ás comuñóns dos netos.

Esa loita contra o establecido, contra a imposición do catolicismo na España franquista e un loito eterno tamén no vestir foron o xeito resistente que tivo de lembrar a Aurelio. **Nunca falaba del con ninguén, pero na súa tumba sempre houbo flores. A súa memoria foi moi íntima e moi resistente.** Casara con el o 22 de decembro de 1927 e apenas nove anos despois a barbarie apoiada por aquela igrexa da que renegou, incumpriu o mandato do Deus que dicía defender: “Que o que el uniu, non o separe o home”.

Pero Aurelio vivía dentro dela e dáballe forzas para enfrontarse ao de fóra, a aquela vida que había de vivir rodeada dos seus asasinados no lugar do Pazo, onde residían varios membros da Garda Cívica, aturando aquel cura que non deixara entrar o cadaleito na igrexa, que non quería deixar nin que a terra do cemiterio acollera o corpo mutilado do seu compañeiro, **aquel**

cura que algunhas testemuñas recordaban nas patrullas nocturnas precursoras de tantos loitos coa súa pistola no cinto. Aquel cura, Ignacio Triñanes, que non contento co asinato do pai, seguiu molestando á filla: Lola lembraba como, sendo moi pequena, lles prohibía aos outros rapaces xogar con ela porque estaba sen bautizar e era filla dun roxo.

Pero a pesares de todo iso, **Isolina sempre foi unha muller valente,** decidida, e nos anos 70, cando tiña 66, marchou soa a Venezuela, ver o fillo maior que estaba alí emigrado. E logo a Nova lorque, onde vivía a neta, sen coñecer nin palabra do idioma. **O peor que lle podía pasar, o impensábel, xa sucedera.**

“Quitáronlle a vida ao meu avó, a miña avoa viviu sen el, a miña nai non tivo o seu recordo e eu non tiven oportunidade de saber por min mesma que era un bo home (...) Pero si sei que o meu avó forma parte desas persoas anónimas sen as que o mundo que temos non sería posíbel”.

Mª do Carme Lores Torres, neta de Aurelio e Isolina